

PEDRO MURIAS

CENTRO DE FORMACIÓN E
EXPERIMENTACIÓN AGRARIA

Inscripcións:

T. 982 828 552
cfearibadeo@xunta.gal

Máximo de 12 persoas por edición

Alto dos Pinos 15 · 27797
Vilaframil · Ribadeo (Lugo)



OFERTA FORMATIVA

PEDRO MURIAS

CENTRO DE FORMACIÓN E
EXPERIMENTACIÓN AGRARIA



Docentes altamente especializados e cun alto grao de motivación, pertencentes á rede intercentros da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Ofrecemos unha formación de calidade cun alto contido práctico e elevadas taxas de inserción laboral

TALLER

PODA DE FROITEIRAS

4 HORAS

A poda é unha actividade de mantemento indispensable para o coidado das árbores froiteiras. Aumenta a vitalidade das árbores e mellora a floración e a produción de froita. Con todo, para obter os ditos beneficios é preciso que a intervención se realice dunha maneira profesional e por medio das ferramentas axeitadas.

OBXECTIVO

Que os asistentes coñezan os conceptos básicos de formación e poda para mellorar a saúde das plantas e obter mellores rendementos.

1ª EDICIÓN

19 de febreiro
de 9:00h a 14:00h

2ª EDICIÓN

19 de febreiro
de 16:00h a 20:00h

TALLER

ENXERTÍA DE FROITEIRAS

4 HORAS

O enxerto é un método de multiplicación vexetativa que permite, entre outros: reproducir clons, aproveitar algunhas características beneficiosas de certos patróns, como resistencia á seca, solos compactos, enfermidades e pragas, maior ou menor vigor, cambiar a variedade de plantacións xa establecidas, etc.

OBXECTIVO

Que os participantes poidan adquirir de forma práctica os coñecementos básicos para enxertar froiteiras con éxito, tales como: épocas para enxertar, tipos e técnicas de enxertos, etc.

1ª EDICIÓN

27 de febreiro
de 9:00h a 14:00h

2ª EDICIÓN

27 de febreiro
de 16:00h a 20:00h

TALLER

REPRODUCCIÓN VEXETATIVA DE PLANTAS ORNAMENTAIS (Porbaixa)

4 HORAS

A reprodución vexetativa é un método frecuente de propagación de plantas ornamentais que permite obter gran cantidade de plantas ben desenvolvidas en pouco espazo de tempo.

A porbaixa é un dos métodos de reprodución asexual máis habitual. Consiste en obter novos exemplares a partir dunha ou varias pólas dunha planta nai, e permite obter plantas que serán clons da planta nai.

OBXECTIVO

Que os participantes poidan adquirir de forma práctica os coñecementos básicos para reproducir vexetativamente mediante porbaixa as plantas con éxito, tales como: épocas para realizala, tipos e técnicas, etc.

ÚNICA EDICIÓN

2 de abril
de 9:00h a 14:00h